

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 19-07-2019, ditou a resolución con número 1994/2019 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN FASES FINAIS DE ASCENSO A COMPETICIONS NACIONAIS E CAMPIONATOS DE ESPAÑA DURANTE O ANO 2019.

Vistos os seguintes antecedentes:

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 20 de maio de 2019 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2019".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2019, e no Bop da provincia de A Coruña nº 101, de 30 de maio o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1956/2019 de 17 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 19 de xullo de 2019, da que se emite acta e na cal se formulou proposta de acordo provisional.

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC2220190005583), sendo o importe total proposto de 7.337,47 €. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Segundo.- Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Terceiro.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo, sito na Casa do Concello, na Praza do Concello, s/n. e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php>.

Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019.

| Entidade Solicitante | CIF/NIF | Obxecto | Importe Solicitado | Puntos | Importe Outorgado | Orzamento Subvencionado a Xustificar (1) |
|-------------------------------------|-----------|---|--------------------|--------|-------------------|--|
| Agrupación Deportiva Fogar | G15160773 | Campionatos de España de Triatlón | 337,47 € | 20,36 | 337,47 € | 482,10 € |
| Agrupación Deportiva Fogar | G15160773 | Campionatos de España de Natación | 1.039,31 € | 72,73 | 1.000,00 € | 3.333,33 € |
| Bergantiños F.C. | G15116775 | Fase de Ascenso a 2ªB | 2.500,00 € | 106,18 | 2.500,00 € | 9.747,13 € |
| Escolas Balonmán Xiria | G70046362 | Fase de Ascenso División de Honra Prata | 2.000,00 € | 64,27 | 2.000,00 € | 3.123,60 € |
| Escola Lubiáns de Hockei e Patinaxe | G15149230 | Liga Ok Bronce | 1.500,00 € | 90,00 | 1.500,00 € | 6.300,00 € |

(1) O importe do orzamento subvencionado a xustificar é resultante da porcentaxe de subvención solicitada ó Concello de Carballo polo beneficiario sobre o orzamento total declarado.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe
O concelleiro delegado da Área de Deporte e Cultura
Marcos J. Trigo Facal

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretaria Accidental
Susana Mariño Lorenzo